



### CONCELLOS

#### COSPEITO

##### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2025

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2025 e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o día 6 de xullo de 2026, exponse ó público cos documentos que se xustifican, na Secretaría desta Corporación, durante quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no B.O.P., durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e demais disposicións concordantes.

Cospeito, 6 de xullo de 2026.- O alcalde, D. Armando Castosa Alvariño.

R. 1824

### A FONSAGRADA

##### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 01 de xullo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de maio de 2026, polo importe total de 11.739,87 € (dependencia) e 393,20 € (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1791

### LOURENZÁ

##### *Anuncio*

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de ABRIL de 2026

#### EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de agosto de 2026.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición,

ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 11 de xuño de 2026.- A alcaldesa, D.<sup>a</sup> Rocío López García.

R. 1792

### LUGO

#### *Anuncio*

#### Exposición ao público

A través do Decreto número **4167/2026** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao **primeiro trimestre de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: dende o día **25 de maio** ata o día **25 de xuño de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 22 de maio de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación, Gustavo Enrique Díaz Rey.

R. 1793

#### *Anuncio*

#### Exposición ao público

A través do Decreto número **3884/2026** de 6 de maio de 2026, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **ABRIL de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 18 de maio ata o día 18 de xuño de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 6 de maio de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, Ana María González Abelleira.

R. 1794

---

### *Anuncio*

#### **Exposición ao público**

A través do Decreto número 4806/2026 de 3 de xuño de 2026, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **MAIO de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 15 de xuño ata o día 15 de xullo de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de xuño de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación, Gustavo Enrique Díaz Rey.

R. 1795

---

### MEIRA

#### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE PARA DESAFECTACIÓN DE PARTE DUN CAMIÑO PÚBLICO**

O Pleno do Concello de Meira, na súa sesión celebrada en data 23 de abril de 2026, acordou a aprobación inicial do expediente para a desafectación dun tramo de camiño público sito no lugar de A Vedra, Vilardemouros, Meira e identificado coa parcela catastral 27029A044090100000PD cunha superficie aproximada de 118 metros cadrados.

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 8.2 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, regulamento de bens das entidades locais, a fin de que no prazo dun mes desde a súa publicación se poida examinar o expediente nas dependencias administrativas do Concello de Meira e efectuarse as alegacións que se estimen pertinentes.

Meira, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1796

---

### MONDOÑEDO

#### *Anuncio*

A Alcaldía deste Concello ditou a Resolución núm. 2026-0230, o día 6 de xullo de 2026, que literalmente di:

#### **”RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE UN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE 1 SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ATA O 31 DE AGOSTO DE 2026, AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou a Orde do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 23, do 4 de febreiro de 2026).

Este Concello solicitou, o día 27 de febreiro de 2026 unha subvención, para a contratación de 2 socorristas, a xornada completa, por un período de dous meses, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto de 2026, para a obra/servizo denominada Socorrismo Acuático ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en instalacións acuáticas descubertas.

Logo de recibir a notificación da Resolución de Concesión de Subvención, do Director Xeral de Emerxencias e Interior do 4 de maio de 2026, na que se contempla a concesión de unha subvención para cubrir o 71,74% dos gastos de dous socorristas para as piscinas municipais de Mondoñedo, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto de 2026.

Vistas as bases de convocatoria que regulan o proceso de selección de dous empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as piscinas municipais do Concello de Mondoñedo, aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2025-0187, do 16 de xuño de 2026 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 139, do 19 de xuño de 2026. Logo de ver, a acta final da sesión celebrada polo tribunal calificador do citado proceso selectivo do 30 de xuño de 2026, mediante a que o tribunal propón o nomeamento dunha socorrista e deixar a outra praza vacante por falta de candidatos/as. Tras ver a Resolución de Alcaldía núm. 2026-0220, do 30 de xuño de 2026, mediante a que se realiza o nomeamento dunha socorrista e ao mesmo tempo se declara deserto un emprego de socorrista.

Así estímase oportuna, a contratación de 1 socorrista ata o 31 de agosto de 2026, con cargo a esta subvención, en réxime laboral temporal, a xornada completa, de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente.

Existe a urxente necesidade de contar con persoal especializado nas tarefas de socorrismo de cara á apertura ao público das piscinas municipais deste concello no período comprendido dende a contratación ata o 31 de agosto de 2026.

O alcalde-presidente, asina unha providencia que incoa este expediente, así como unha memoria que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, necesidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste servizo debe ser inminente, para abrir as piscinas municipais ao público o 1 de xullo de 2026 e ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Avogar a competencia de forma puntual co obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación de un emprego de socorrista acuático para as piscinas municipais do Excmo. Concello de Mondoñedo, desde o momento da contratación e ata o 31 de agosto, a xornada completa, de luns a domingo cos descansos establecidos pola lexislación vixente

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Realizar a convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local, que se celebre.

Mondoñedo, na data de sinatura

O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. Ante min, a secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García (documento asinado dixitalmente a marxe)

**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE UN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ATA O 31 DE AGOSTO DE 2026, AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS**

#### **PRIMEIRA.— OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de UN EMPREGO de SOCORRISTA desde o momento da súa contratación e ata o 31 de agosto mediante o sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN.

A xornada de traballo será xornada completa, de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente.

Inicialmente o horario de apertura das piscinas municipais será de 12 a 20 h, aínda que pode modificarse en función das necesidades do servizo.

Baixo a coordinación do Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, as persoas seleccionadas desempeñarán as súas funcións que serán a da prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas descubertas municipais, así como aquelas outras funcións que lle encomende o Alcalde-Presidente ou o concelleiro delegado da área.

O contrato será o vinculado a programas de políticas activas de emprego, de acordo co establecido na Disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, e ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 23, do 4 de febreiro de 2026), a través da que se solicitou e se concedeu unha subvención para a contratación de 2 socorristas, por un período de 2 meses para o servizo denominado Socorrismo Acuático.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

- SOCORRISTA: 1.750,00 €/mes

Por tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, decembro e/ou á finalización do contrato.

#### **SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE**

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TREBEP, aprobado polo Real decreto 5/2015, do 30 de outubro. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas de Galicia e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.
- Demais disposicións aplicables.

### TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. REQUISITOS XERAIS: Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 56 e 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual en cumprimento da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obrigaón de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.
- e) Posuír o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.
- f) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delinquentes sexuais.

### 2. REQUISITOS ESPECÍFICOS:

Por tratarse de contratos subvencionados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, segundo a Orde do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, os traballadores deben cumprir os seguintes requisitos:

**1.- As persoas traballadoras que se contraten para a prestación dos servizos, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.**

**2.- En todo caso, as persoas destinadas á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento deberán estar inscritas, antes do inicio do período subvencionable, na sección correspondente, neste caso, Socorrista en Instalacións Acuáticas, do Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia. De tratarse de persoal contratado, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.**

### CUARTA.— SOLICITUDES

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **tres días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día de prazo sexa inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- .- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.

- .- Fotocopia compulsada da notificación da resolución do rexistro profesional de socorristas ou habilitación profesional de socorrista, ambos en instalacións acuáticas, da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).
- .- Fotocopia do certificado Celga 2 ou equivalente homologado.
- .- Coa fin de comprobar o requisito de que os/as candidatos/as deben ser, persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego, os/as candidatos/as deberán presentar Informe de situación administrativa ou documento análogo do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite que é demandante non ocupado e está dispoñible para o emprego .
- .- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida exercer a función propia de Socorrista en Instalacións Acuáticas ou calquera das probas físicas obxecto destas bases.
- .- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

#### **QUINTA.— ADMISIÓN DE SOLICITUDES**

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, e a fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

2.- Durante un día hábil seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SEXTA.— TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde-Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros atendendo á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **SÉTIMA.— SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**. A puntuación máxima que se pode acadar é a de 10 puntos.

**FASE DE CONCURSO:** Valoración de Méritos, valorarase ata un máximo de dous puntos (2 puntos).

A tal efecto o Tribunal reunirse para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

#### **A) OUTRA FORMACIÓN**

**Cursos ou outra formación.**- Por cada curso, directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, SEPE, organizacións sindicais, colexios profesionais, así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de formación será de **2 puntos**.

**FASE DE OPOSICIÓN:** Valorarase ata un máximo de oito puntos (8 puntos). Proba obrigatoria e eliminatoria. **Os candidatos que non superen esta fase resultarán non aptos.**

A fase de oposición constará da realización da seguinte proba física:

#### **PROBA ESPECÍFICA DE SOCORRISMO**

- 50 m. RESCATE DO MANIQUÍ

Zambullirse de cabeza , 25 m de nado estilo libre, recoller o maniquí do fondo da piscina na súa parte máis profunda e remolcalo 25 m sen que a auga pase por encima da súa cara.

Para obter a puntuación de APTO será necesario realizar a proba no tempo límite de 2'00".

TEMPO EN REALIZAR A PROBA	PUNTUACIÓN
45" ou menos	8 ptos.
Entre 46" y 47"	6 ptos.
Entre 48" y 49"	5,5 ptos.
Entre 50" y 51"	5,0 ptos.
Entre 52" y 53"	4,5 ptos.
Entre 54" y 55"	4 ptos.
Entre 56" y 57"	3,5 ptos.
Entre 58" y 59"	3 ptos.

Entre 60" y 61"	2,5 ptos.
Entre 62" 63"	2 ptos.
Entre 64" y 67"	1,50 ptos.
Entre 67" e 120"	1 pto.

**PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

**OITAVA.— PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso (valoración de méritos) e de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase, con base na maior puntuación obtida no apartado de outra formación. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato/a que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas pola orde decrecente de puntuación para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

**NOVENA.— APORTACIÓN DE DOCUMENTOS**

Os/As aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría do Concello, nos dous días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, no caso de non habelos aportado con anterioridade, os seguintes documentos:

a) Informe de situación administrativa ou documento análogo do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite que é demandante non ocupado e está dispoñible para o emprego.

b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaráase mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

c) Fotocopia compulsada da titulación esixida para exercer como socorrista.

d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os/as aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

**DÉCIMA.— FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

**DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da publicación do acto ou acordo, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

**DÉCIMO SEGUNDA.— NORMA FINAL.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**DÉCIMO TERCEIRA.— PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

1.- Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a solicitude de participación no proceso, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento deste, serán tratados polo Concello de Mondoñedo na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a tramitación e xestión do procedemento de selección e as actuacións que se deriven deste.

2.- A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPDP). Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución.

3.- As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través do rexistro municipal na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e/ou a través do correo electrónico [concellomondonedo@gmail.com](mailto:concellomondonedo@gmail.com).

**4.- Información adicional****a) Prazo de conservación:**

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. De conformidade co regulado no artigo 26 da LOPDGDD será lícito o tratamento por esta Entidade dos datos con fins de arquivo en interese público, sempre cumprindo coa normativa vixente de arquivos e documentación.

**b) Inexistencia de decisións automatizadas:**

Neste tratamento non se tomarán decisións automatizadas.

**c) Dereitos en relación cos datos facilitados**

- As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, ao prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento.
- Así mesmo, ten dereito de rectificación dos datos se son inexactos.
- Os interesados teñen dereito á limitación do tratamento, para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude.
- Os interesados poderán exercer o dereito de supresión (dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD e segundo o regulado no artigo 15 da LOPDGDD.
- afectado pode exercer o dereito de oposición ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa.

- interesado terá dereito á portabilidade a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados

Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través do rexistro municipal na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e/ou a través do correo electrónico [concellomondonedo@gmail.com](mailto:concellomondonedo@gmail.com).

d) Reclamación ante a autoridade de control

Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./D.<sup>a</sup>.....,  
 con DNI ....., nado/-a .....(data nacemento),  
 veciño/-a de ....., con enderezo en  
 .....  
 CP ..... Concello ..... Teléfono .....  
 e correo electrónico .....

**EXPÓN:**

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para cubrir a contratación laboral temporal de 1 socorrista, ata o 31 de agosto de 2026, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución de Alcaldía do 6 de xullo de 2026.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

**Por tanto, SOLICITA:**

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

<b>INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
<b>Responsable</b>	Concello de Mondoñedo
<b>Finalidade do tratamento</b>	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPDP)
<b>Comunicación de Datos</b>	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixindo a súa solicitude a través do rexistro municipal na sede electrónica ( <a href="https://mondonedo.sedelectronica.gal">https://mondonedo.sedelectronica.gal</a> ) e/ou a través do correo electrónico <a href="mailto:concellomondonedo@gmail.com">concellomondonedo@gmail.com</a> .
<b>Información adicional</b>	Pode consultar máis información na cláusula décimo quinta das bases de convocatoria

Mondoñedo, ..... de ..... de 2026

(sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

---

Mondoñedo, 6 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1825

---

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

#### CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS PARA ROZA MANUAL

Mediante Resolución de Alcaldía do 2/07/2026, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento de selección de persoal para a contratación de tres peóns destinados á realización de tarefas de roza manual en faixas secundarias e vías e camiños de titularidade municipal. O prazo de presentación de instancias será de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, sita na Praza Maior s/n, 27113 de Negueira.

Negueira de Muñiz, 2 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 1797

---

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0122 de data do 02.07.2026, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xuño de 2026 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 121,28 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 348,24 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1798

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO (1 OFICIAL DE 2ª- CONDUTOR PARA CUBRIR BAIXA DE TITULAR) AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025**

POSTO DE TRABALLO: 1 OFICIAL DE 2ª- CONDUTOR PARA CUBRIR BAIXA DE TITULAR

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **3 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 6 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1826

---

## PORTOMARÍN

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente por o Pleno da Corporación en data 25 de xuño de 2026 a seguinte ordenanza:

#### REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO XIMNASIO MUNICIPAL DE PORTOMARIN

Sometese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarín, 4 de xullo de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1827

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente por o Pleno da Corporación en data 26 de xuño de 2026 a seguinte ordenanza:

#### ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL DE PORTOMARÍN

Sometese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarín, 4 de xullo de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1829

## RÁBADE

### *Anuncio*

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 3º bimestre do 2026.

Por Decreto da Alcaldía de data 23 de xuño de 2026, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 3º bimestre do 2026, cuxo importe total ascende á cantidade de 114.778,04 (cento catorce mil setecentos setenta e oito con catro) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 22 de xuño do 2026 ata o 21 de agosto de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 23 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Remedios González cabarcos.

R. 1799

## TABOADA

### Anuncio

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 1º SEMESTRE DE 2026.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **1º semestre** do exercicio **2026** foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 02.07.2026**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **15 de xullo de 2026 ao 15 de agosto de 2026**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1800

### Anuncio

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 6 DE XULLO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA TRABALLADOR/A SOCIAL FUNCIONARIO INTERINO POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2026.**

Conforme as **BASES E CONVOCATORIA PARA PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA TRABALLADOR/A SOCIAL FUNCIONARIO INTERINO POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2026** aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 3 DE XUÑO DE 2026 publicadas no BOP de Lugo nº 128 de data 6 de xuño de 2026 e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

**PRIMEIRO:** Admitir aos/ás aspirantes presentados/as que se relacionan a continuación e aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos nas seguintes relacións.

#### ADMITIDOS:

GARCIA IGLESIAS NOA	***2927**
GARCIA LOPEZ EMMA	***2183**
RODRÍGUEZ CAO DANIEL	***7197**

**EXCLUÍDOS:**

LOZANO VERDES ROCIO (1)

\*\*\*4312\*\*

**Motivos de exclusión:**

(1) Non presenta coa solicitude en prazo o requirido na base terceira Anexo II asinado.

**SEGUNDO:** En cumprimento da base cuarta establecer un prazo de 5 días hábiles para emenda de documentación

**TERCEIRO:** Publicar esta resolución no BOP de Lugo e na Sede Electrónica da Corporación (<https://taboada.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios.

**CUARTO:** Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre

Taboada, 6 de xullo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1830

**TRIACASTELA***Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de 6 de xullo de 2026, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 3 condutores de vehículo motobomba a xornada completa para o posto de:

- 1 Xefe de Brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns ao abeiro do CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE TRIACASTELA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027.

Duración do contrato: 3 meses, data límite da contratación o 31/10/2026.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Mais información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 6 de xullo de 2026.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1831

**VIVEIRO***Anuncio*

En cumprimento da previsión do artigo 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e do artigo 59 do Regulamento Orgánico Municipal, publícase a resolución ditada pola Alcaldía en data 1 de xullo de 2026, que literalmente di:

*“DONA MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO*

*En virtude do disposto nos artigos 20 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e nos artigos 58, 59 e 60 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).*

*Resultando que os artigos 43, 44 e 45 do ROF, en consonancia co artigo 120, así como o artigo 60 do ROM, prevén a delegación de competencias e contemplan a existencia de concelleiros e concelleiras delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro ou concelleira delegado por revogación da delegación, adoptada pola persoa que ostenta a Alcaldía coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF e 59 e 60 do ROM, a Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poida realizar a favor de calquera concelleiro ou concelleira, aínda que non pertenczan á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver*

mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden efectuarse delegacións específicas en calquera concelleiro ou concelleira para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o concelleiro ou concelleira que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros ou concelleiras con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delegacións especiais poderán ser de dous tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado ou relativas a un determinado servizo.

A delegación de funcións require, para a súa eficacia, da aceptación por parte do delegado, entendéndose aceptada tacitamente se nos tres días hábiles dende a notificación do acordo ao membro ou órgano destinatario non se fai mención expresa da non aceptación.

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF e 59 do ROM indican que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirán efecto dende o día seguinte ao da data do Decreto, se nel non se dispón outra cousa, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Tendo en conta a proclamación de nova Alcaldesa na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2025, coa destitución da anterior Alcaldesa, mediante a aprobación da moción de censura presentada o pasado 20 de febreiro.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte **RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.- Modificar as delegacións efectuadas na Xunta de Goberno Local, co seguinte contido:**

- ⇒ Outorgamento de licenzas urbanísticas de competencia da Alcaldía. Soamente se engloban nesta delegación os acordos de outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, quedando excluídas o resto de competencias que lle correspondan á Alcaldía en materia urbanística.
- ⇒ Autorización de entronques á rede de subministro de abastecemento de auga e á rede de sumidoiros municipais.
- ⇒ As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenrolo do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- ⇒ As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás licenzas de taxi.
- ⇒ As competencias que correspondan á esta Alcaldía no tocante á concesión ou revocación ós usuarios do servizo de axuda no fogar.
- ⇒ Autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios. A aprobación da xustificación dos pagos a xustificar. Non se entende incluída nesta delegación a constitución dos pagos a xustificar nin a constitución e extinción dos anticipos de caixa fixa. Tampouco se engloba nesta delegación a aprobación de gastos non orzamentarios nin os recoñecementos extraxudiciais de crédito, que de acordo coa normativa xeral e bases de execución do orzamento municipal se atribúan excepcionalmente á Alcaldía. A aprobación de expedientes de contratación e adjudicación de contratos atoparase delegada única e exclusivamente ao respecto dos contratos menores de cuantía superior a 1.000€.

As atribucións delegadas poderán ser avocadas pola Alcaldía de conformidade co previsto no artigo 116 do ROF, 60 do ROM e 10 da LRXSP, con motivación da avocación e xustificando en todo caso a urxencia na adopción do acordo, dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre, das Resolucións que se dicten pola Alcaldía por avocación de competencias.

**SEGUNDO.-** Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44 do ROF e 59 e 61 do ROM.

**TERCEIRO.-** Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA, María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral aos efectos do disposto no artigo 3.2f) Real Decreto 128/2018, M.<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade”

O que asino en

Viveiro, 2 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1801